

O ADXECTIVO

O nome adxectivo é unha categoría gramatical variable en xénero e número, que exerce a función de NÚCLEO da frase adxectiva e que sinala as calidades atribuídas a un substantivo.

Esta categoría gramatical concorda sempre en xénero e en número co substantivo ao cal acompaña

Dende un punto de vista morfolóxico está constituído por :

Morfema Radical + Morfemas Flexivos (Xénero + Número)

A formación do feminino e do plural dos adxectivos segue as mesmas regras que o substantivo

GRAOS DO ADXECTIVO

POSITIVO: Ela é sabia.

COMPARATIVO

Tipos	Formas		Exemplos
Comparativo de igualdade	<i>tan + adxectivo +</i>	<i>como coma</i>	<i>Ela é tan sabia como Rosa. El é tan alto coma min.</i>
Comparativo de superioridade	<i>máis + adxectivo +</i>	<i>ca que do que</i>	<i>Ela é máis lista ca ti. Isto é máis resistente que iso. Ese é máis veloz do que cres.</i>
Comparativo de inferioridade	<i>menos + adxectivo +</i>	<i>ca que do que</i>	<i>Son menos sabias ca vós. Véxome menos cansa que Ana. Está menos limpo do que parece.</i>

SUPERLATIVO

Tipos	Formas	Exemplos
Superlativo absoluto	adxectivo + sufixo <i>-ísimo/a, -érrimo/a, -iño/a</i>	<i>É unha persoa listísima/pulquérrima/baixiña.</i>
	prefixos <i>extra-, hiper-, super-, ultra-</i> + adxectivo	<i>Ela é superfamosa. Todo é ultracomplificado.</i>
	<i>moi/ben + adxectivo</i>	<i>Iso foi moi/ben duro.</i>
Superlativo relativo	<i>o/a máis + adxectivo + de/entre</i>	<i>Son os máis faladores de todos.</i>
	<i>o/a menos + adxectivo + de/entre</i>	<i>É a menos alta entre todas.</i>

ADXECTIVOS IRREGULARES

Grao positivo	Grao comparativo (de superioridade)	Grao superlativo
<i>bo/boa</i>	<i>mellor</i>	<i>ótimo/a</i>
<i>mao/má; malo/a</i>	<i>peor</i>	<i>pésimo/a</i>
<i>grande</i>	<i>maior</i>	<i>máximo/a</i>
<i>pequeno/a</i>	<i>menor</i>	<i>mínimo/a</i>
<i>alto/a</i>	<i>superior</i>	<i>supremo/a</i>
<i>baixo/a</i>	<i>inferior</i>	<i>ínfimo/a</i>

Desde o punto de vista semántico clasificámoslos...

- Segundo a calidade que expresa a respecto do substantivo:

-Especificativo: *Xanela pequena*

-Epíteto: *Sangue vermello*

- Consoante a calidade propia do adxectivo:

- Cualificativo: *cabelo castaño*
- Relacional: *musical,rosaliano*
- Xentilicio: *lugués, brasileira*